

Jokin

Manuel Dios Diz

Son moitas as persoas que non dan creto a esta desgracia, que seguen perplexas diante dun suceso como o que aconteceu en Hondarribia, Guipúscoa, a pasada semana. Jokin C., un mozo de 14 anos, foi incapaz de soportar tanta presión, tanta humillación, tanto sufrimento, provocado, ó parecer, por algúns dos seus propios compañeiros de instituto.

Feitos como este, por sorte, non son habituais. Refírome, xa que logo, ó terrible desenlace con resultado de morte. Sen embargo, as ameazas, os insultos, as extorsións, mesmo a violencia directa, nalgúns casos, están presentes no sistema educativo, en grao cada vez máis significativo, especialmente, na secundaria obrigatoria, tal e como indican tódolos estudos realizados polos investigadores e distintos organismos como o *Centro Reina Sofía para o Estudio da Violencia* que dirixe José Sanmartín, os Consellos Escolares do Estado e das CC.AA., o Defensor del Pueblo, etc. ou foros específicos como o celebrado en Compostela, o pasado ano, sobre *Violencia e medios de comunicación*, organizado polo *Seminario Galego de Educación para a Paz*, unha entidade que leva vinte anos (1985-2005) traballando especificamente neste eido.

Unha das características máis relevantes deste fenómeno é a súa invisibilidade, a súa opacidade, especialmente, para quen non queren velo. O que rodea á historia de Jokin C. tráeme á memoria aquela extraordinaria película de John Sturges, *Conspiración de silencio*, protagonizada por Spencer Tracy en 1955, onde todos a unha, como Fuenteovejuna, practican o ocultamento con pasmosa unanimidade.

O documento “*Una educación de calidad para todos y entre todos. Propuestas para el debate*” presentado recentemente pola ministra de educación, María Jesús San Segundo, no seu apartado 3, fala da complicada posta en marcha da educación secundaria obrigatoria, das dificultades engadidas, entre elas, os problemas de convivencia e a aparición de comportamentos disruptivos, ou as mostras crecentes de rexeitamento, obxección (mesmo insubmisión) á propia escola, que están presentes nalgúns sectores do alumnado, particularmente, naqueles que están no sistema educativo por imperativo legal.

O documento citado apunta tamén factores que inflúen nesta situación: o maior ou menor interese familiar, o contexto sociocultural dos centros, as características propias da adolescencia, a organización dos centros educativos e as novas ensinanzas, ou a escasa importancia concedida á educación emocional ou dos sentimentos.

Compartimos, sen dúbida, os factores apuntados. Mais quixeramos incidir nalgúns que consideramos especialmente relevantes á hora de explicar o incremento da conflictividade, precisamente, no ciclo 12-14. O paso da educación primaria á secundaria significa un cambio que pode resultar moi abrupto para o alumnado nunha idade especialmente delicada, tendo en conta, ademais, que nenos e nenas pasan dun modelo no que o titor ou titora exerce unha influencia directa que está moi presente, a tódolos efectos, mesmo en centros distintos e diferenciados, a outro modelo no que a función titorial está máis esvaecida.

Dun modelo no que predomina unha educación máis integral, máis global, cun saber menos compartimentalizado, onde os afectos e os sentimentos están moi presentes, o alumnado irrompe noutro, con espazos e tempos novos, con máis profesores e profesoras, con máis contidos, moito máis complexos, e onde a ensinanza dos coñecementos de materia son o fundamental.

Vivimos nun tempo, ademais, no que as responsabilidades parece que son sempre dos outros. A familia declina cada vez máis funcións que lle son propias e as traslada á escola. Os adultos queren ser eternos adolescentes. Moitos profesores e profesoras responsabilizan,

exclusivamente, ós pais e ás nais, do que acontece dentro da súa propia aula, ou ós medios de comunicación, á marxinalidade, á inmigración, ás drogas... ou ós equipos directivos, á inspección educativa, á Consellería, á sociedade... moitas veces como excusas pouco disimuladas para non intervir.

Non detectar a tempo casos como o de Jokin evidencia un claro abandono e deixación de responsabilidades por moitas partes implicadas no proceso educativo. A ocultación, a conspiración de silencio, a complicidade, a comprensión social para co fenómeno do abuso, da extorsión, do acoso, da ameaza..., recorda ó que viña acontecendo ata fai uns anos coa violencia de xénero.

Os conflitos están presentes na vida. Non son nin bos nin malos, simplemente existen. Están na sociedade. E como consecuencia están na escola. Para quen quere velos. Dentro e fora da aula. Do que se trata é de intervir, non de pasar. Sei moi ben que podemos atopar razóns para non facelo. Sen embargo, penso sinceramente que os docentes temos responsabilidades que debemos afrontar, e a solución pacífica dos conflitos é unha delas. Pero para elo necesitamos instrumentos, recursos, metodoloxías, en definitiva, formación específica que lamentablemente non recibimos nas escolas de maxisterio ou nas facultades.

Os insultos, as ameazas, o acoso, as extorsións, o pandillismo, a violencia de xénero, as pelexas, a imposición da lei do máis forte, o abuso, as alteracións da convivencia teñen que afrontarse con programas de prevención en cada centro educativo, de maneira rigorosa, sistemática e dilatada no tempo, favorecendo a figura da mediación escolar nos casos onde sexa necesario, con metodoloxías activas e participativas, involucrando á toda a comunidade educativa. Con normas claras, asumidas como propias e que obriguen a todos, con Proxectos Educativos de Centro (PEC) reais e non de papel. E sabemos do que falamos...

Os eixes transversais foron unha novidade positiva da lei do '90. Con eles pretendíase incorporar ós currículas unha serie de obxectivos e de contidos relevantes como son a educación e a cultura da paz, a educación para a igualdade, a educación ambiental, a interculturalidade, os dereitos humanos, ou a resolución pacífica de conflitos. Lamentablemente, despois de tantos anos, a transversalidade non parece suficiente. Compre, xa que logo, apoiar a introducción da nova disciplina de *Educación para a Cidadanía* na que teñan perfecto acomodo aqueles contidos, promovendo e fomentando a asunción dos valores cívicos e democráticos por parte do alumnado. E moita máis formación do profesorado en exercicio.

Por último, a titoría, tanto en primaria como en secundaria, teñen que revitalizarse, dotándoas de espazos e de tempos suficientes, de recursos e de financiamento axeitado, cos apoios imprescindibles, particularmente, dos servizos de orientación, educadores sociais e asistencia social, tal e como a ministra anuncia, anque sen fondos específicos, sería unha nova decepción para o profesorado. E non sei si resistiría moitas máis...

A morte de Jokin, por desgracia, xa non ten remedio. Pero entre todos, si queremos, podemos evitar que se repita. E as solucións teñen que ser educativas, e de carácter preventivo. Non poden pasar por poñer un policía en cada centro. Entre outras cousas porque sería imposible.

Manuel Dios Diz é mestre, licenciado en Xeografía e Historia pola USC e preside o *Seminario Galego de Educación para a Paz*. É autor de *Cine para convivir*; *Educar para a Paz, globalmente* ou *Sobre a violencia e os medios de comunicación: unha educación necesaria*.